

Referencia:	2019/00001769T
Procedemento::	Comisiones de seguimiento de planes y programas de cooperación del servicio intermunicipal delegado de recogida de RSU y servicios complementarios
Interesado:	CONCELLO DE TRASMIRAS , CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES , CONCELLO DE LOBIOS , CONCELLO DE A TEIXEIRA , CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS , CONCELLO DE VILAMARIN , CONCELLO DE RIBADAVIA , CONCELLO DE SAN AMARO , CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS , CONCELLO DE A BOLA , CONCELLO DA GUDIÑA , CONCELLO DE RIOS , PARTIDO NACIONALISTA GALEGO , PARTIDO POPULAR DE OURENSE
Representante:	
SECCIÓN DE RESIDUOS E ENERXÍA (3542)	

ASUNTO: INFORME REVISADO DE XESTIÓN DA U. X. PROVINCIAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO DO ANO 2018.

1. ANTECEDENTES

Como todos os anos dende a aprobación en decembro de 2012 do Convenio Marco de cooperación, achegase información da xestión no ano 2018 do servizo de recollida de residuos municipais na unidade de xestión provincial en réxime de competencia delegada (50 concellos adheridos), co fin de determinar a estrutura de custos soportados e así:

- determinar as súas desviacións respecto da proposta de gastos e ingresos realizada no seu momento para este exercicio 2018.
- constatar a evolución á alza ou á baixa deste custo respecto de exercicios anteriores.
- analizar o peso do custo repercutido sobre o custo soportado por cada unha das administracións locais.
- achegar os datos correspondentes en relación ao coste efectivo do servizo nos concellos adheridos do exercicio 2017, para o cumprimento das obrigas recollidas no artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración ao concellos da provincia de Ourense.

Como recordatorio, antes de comezar o informe de liquidación final do custo do 2018, lembrar que o custo repercutible proxectado do servizo intermunicipal de recollida e tratamento de residuos municipais, en réxime de competencia delegada, foi de 5.743.441,75 €, o que implicaba un custo por habitante de 54,38 €/ano repercutibles aos concellos en función da poboación oficial no momento de aquela previsión (105.613 habitantes).

Informase tamén que no estudo económico aportado inclúese o concello de Riós, que se adheriu a este Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, con efectos do día 1 de novembro de 2018. Os gastos soportados son repercutidos na parte proporcional do ano dende a data da incorporación ao convenio (afectando á poboación destes concellos dun coeficiente proporcional aos dous meses de incorporación).

Segundo a cláusula Sexta (réxime económico do servizo delegado) 6.2. b) do Convenio Marco de cooperación entre esta DPO e os 50 concellos adheridos, o custo deste servizo distribúese de modo proporcional á poboación de cada concello segundo a última cifra oficial de poboación vixente na data. O actual Padrón Oficial a 31/12/2018 resulta ser para os mesmos concellos un 1,31 % inferior (1.388 habitantes menos sen o concello de Riós), con independencia de que na liquidación do exercicio 2018 se inclúa a poboación equivalente dos dous meses de servizo de recollida de residuos municipais realizado no concello de Riós.

Destacar tamén que, igual que nos anos anteriores, segundo a devandita cláusula Sexta (apartado 1.) non se considerará custo repercutible “os custos do servizo consistente en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo intermunicipal, ...”.

2. DOS GASTOS

2.1. Contenerización

Este capítulo de gastos está formado polos custos dos materiais (contedores) e os de man de obra e maquinaria correspondentes á súa reparación e mantemento (fundamentalmente lavado, pero non exclusivamente).

O coste do servizo de lavado de contedores ven determinado pola *Ordenanza reguladora do servizo provincial de lavacontedores de residuos municipais da DPO* (Boletín Oficial Provincia de Ourense nº 287 do Sábado 15 decembro 2012), aprobada inicialmente pola Corporación Provincial na sesión do 26 de outubro de 2012.

Neste apartado dos gastos non aplicamos directamente a tarifa, senón que analizamos os custos reais soportados, resultando un custo de contenerización homoxéneo co da Ordenanza, agás na amortización técnica e nas reparacións, que obviamente non están incluídas na ordenanza de lavado.

Do descrito, dedúcese que dos 186.887,75 € que se propoñen de liquidación por este concepto correspóndense con lavado de contedores un importe aproximado a 140.000 €, e esta cantidade é sensiblemente menor que o resultado de aplicar a tarifa ao parque de contedores urbanos (15.963 uds. x 9,70 € x 21 % = 187.357,73.€).

Entrando na análise comparativa de cada un dos conceptos respecto do inicialmente orzamentado, exponse que:

- No capítulo de recursos humanos aumentou o gasto soportado nun 11,63 % fronte ao orzamentado.
- No capítulo de maquinaria (vehículos lavacontedores) baixou considerablemente o gasto soportado nun 18,56 % fronte ao orzamentado.
- No capítulo de amortización técnica, o gasto soportado é o mesmo que o orzamentado.
- No gasto de materiais o gasto soportado é lixeiramente superior ao proxectado nun 8,93 %.

Conclúese que no total de contenerización rematase o ano cunha subida do 2,97 % respecto do orzamentado, debido ao incremento constante do parque de contenerización da fracción resto, destacando a diminución no apartado de reparación de maquinaria.

2.2. Recollida estrita

Neste capítulo de gastos inclúense os custos propios (maquinaria) e de operación (persoal) do material móbil preciso para a recollida do lixo depositado nos contedores de proximidade e de puntos limpos.

2.2.1. Maquinaria

O custo de maquinaria (vehículos recolectores) segue estimándose polos históricos dos anos anteriores. As desviacións no gasto neste capítulo veñen derivadas do seguinte:

- O gasto soportado no apartado de combustible é superior (8,91 %) que o previsto. Esta subida ven motivada pola diferenza de prezo medio do combustible estimado fronte o real e a cantidade de litros de Adblue consumidos que non se contabilizaron no gasto estimado. O Adblue é un sistema de depuración de gases imprescindible nos actuais motores diésel para protexer o medio ambiente elaborado mediante unha disolución de urea. A continuación exponse a desviación á alza segundo a variación do prezo de combustible e os litros consumidos de Adblue en todo o ano.

Táboa 1: Comparativa €/litro no exercicio 2018

Litros consumidos	€/litro	€/ano	Desviación
368721 litros	1,15 €/litro*	424.029,15 €/ano	+33.184,89 €/ano
	1,24 €/litro***	457.214,04 €/ano	


* **1,15 €/litro:** Precio estimado para o ano 2018 na proposta realizada pola Área de Medio Ambiente desta DPO.

** 1,23 €/litro: Precio medio no ano 2018 segundo o Ministerio de Fomento para Galicia.

*** **1,24 €/litro:** Precio medio no ano 2018 segundo os datos facilitados polo Parque de Maquinaria do exercicio do ano 2018.

Táboa 2: Consumo de ADblue nos equipos de recollida

Recollida	Litros AdBlue	€ AdBlue
4001JMN	1.472,09	909,51 €
4027JMN	333,33	189,18 €
4058JMN	840,	1.214,39 €
4082JMN	716,	407,38 €
4119JMN	1.020,	1.361,57 €
4192JMN	786,98	454,93 €
6588JMM	838,	1.046,12 €
	6.006,40	5.583,08
Selectiva		
3465KKM	1.443,15	844,11 €
5023HBB	834,94	482,62 €
6031FXP	169,15	97,84 €
	2.447,24	1.424,57 €
TOTAL	8.453,64	7.007,65 €



Imaxe 1: Gráfico da evolución do prezo medio do combustible en Ourense no ano 2018

- No apartado de pneumáticos, o gasto soportado é un 4,06 % inferior o gasto orzamentado. Inda que este exercicio da como resultado inferior, dende os servizos técnicos séguese coa opción de cambio de pneumáticos ao mínimo desgaste xa que son a parte mais importante dos equipos recolectores unha vez que están realizando a súa actividade, polo contacto co firme e permiten deter o equipo e negociar as curvas con seguridade, sendo uns elementos vitais para circular con seguridade.

- No capítulo de mantementos preventivos aos equipos recolectores o gasto soportado é inferior (20,32 %) ao gasto proxectado.
- No capítulo de reparacións ou mantementos correctivos existe un descenso do 19 % motivado polo seguinte:
 - Menos mantementos correctivos imposibles de prever nos vehículos destinados a recollida integral de residuos municipais, inda que mais da metade dos equipos pertencentes ao servizo de recollida de lixo teñen mais de dez anos, isto quere dicir que atópanse amortizados e son moi antigos.
 - No exercicio do 2018 realizáronse 401 ordes de reparación (150 menos que o exercicio 2017) nos equipos destinados ao servizo de recollida de lixo, dos cales 20 reparacións resultaron moi complexas, é dicir, o 4,98 % da totalidade das reparacións ascendeu o seu coste a 87.000,00 €, o que supón o 33,40 % do gasto total en mantementos correctivos.
 - A elevada rotación de persoal para un mesmo vehículo recolector pola dotación de persoal temporal polas substitucións dos traballadores por baixas médicas e polas vacantes existentes nos postos de traballo dos equipos de recollida.
- No apartado de amortización técnica, o gasto soportado é inferior nun 4,49 % respecto do orzamentado, motivado ao actualizar as dedicacións parciais nos vehículos recolectores dos quilómetros executados nos concellos adheridos ao Convenio Marco fronte aos realizados na recollida selectiva dos concellos nos adheridos a dito convenio
- No apartado de seguros e inspeccións técnicas o gasto soportado é inferior (8,77 %) que o previsto pola paralización de vehículos.

Conclúese que no apartado de maquinaria da recollida estrita rematase cun descenso lixeiro do gasto nun 4,84 % do orzamentado (1.040.858,77 € fronte a 1.093.799,62 €), debido ao descenso de todos os custos a excepción do combustible.

2.2.2. Persoal

Os custos de recursos humanos (chofer-operario e operario) soportados son practicamente os mesmos cunha lixeira desviación a alza dun 1,95 %, pese ao esforzo ano tras ano realizado polos encargados da organización de efectivos en todos os equipos (recollida residuos municipais, recollida Selectiva, Transferencia e Puntos Limpos, cooperación e correquendas).

A problemática deriva da situación actual dos 84 postos de traballo con moitas vacantes e un elevado absentismo laboral por incapacidade temporal (antiga

incapacidade laboral transitoria), resolvéndolas con contratos temporais mediante os procedementos de contratación realizados polo Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior desta Deputación, ou adscricións temporales de persoal do Parque de Maquinaria desta Deputación. Dito isto, dentro do ano 2018, polos 84 postos de traballo pasaron 117 traballadores.

Así o custo deste capítulo finalmente repercutido nesta proposta de liquidación é de 2.376.807,70 € fronte a 2.331.237,70 €.

Por todo o antedito, a proposta de liquidación repercutirá un gasto soportado de recollida (contenerización + recollida estrita) fronte ao orzamentado cunha lixeira baixa (-0,22 %) debida os motivos descritos, con 3.417.666,47 € fronte a 3.606.527,03 €.

2.3. Tratamento de residuos


O tratamento de residuos representa o custo de entrega a Sogama da fracción resto, e voluminosos de puntos limpos a xestor autorizado (pilas, aceites, electrodomésticos, móbiles, restos de podas, cascallos e restos de obras domiciliarias, colchóns, etc...), aínda que estes últimos representan o 2,38 % do custo de tratamento de residuos.

No capítulo de gastos de Sogama se produciu variación á alza do canon previsto para todo o ano respecto do anterior, segundo a variación do IPC, resultando un canon por tonelada de residuos xestionada que ascende á cantidade de que foi de 76,81 €, i.v.e. incluído.

Respecto ás toneladas de residuo da fracción resto recollido pódese apreciar na seguinte táboa un lixeiro ascenso respecto do previsto.

Táboa 3: Toneladas recollidas en 2017 e 2018

	2017	2018	Desviación	
	Tn	Tn	Tn	%
Xaneiro	2.549	2.749	+200	+7,83%
Febreiro	2.342	2.333	-9	-0,39%
Marzo	2.741	2.626	-115	-4,19%
Abril	2.661	2.748	+88	+3,30%
Maio	2.901	2.895	-6	-0,20%
Xuño	2.950	2.955	+5	+0,17%
Xullo	3.183	3.391	+208	+6,53%
Agosto	3.796	3.898	+102	+2,68%
Setembro	3.195	2.956	-239	-7,49%
Outubro	2.896	2.817	-79	-2,74%
Novembro	2.623	2.649	+26	+0,98%
Decembro	2.751	2.864	+113	+4,11%
SUMA	34.588	34.881	+292	+0,84 %



Imaxe 2: Detalle da evolución das Tn recollidas durante o exercicio 2018

Isto implica que o gasto a repercutir é de 2.626.370,37 € fronte a 2.615.657,10 € previstos.

2.4. Resumo de Gastos

Exposto o anterior, o gasto soportado (repercutible) fronte ao orzamento ten unha lixeiro ascenso (+0,14 %) debido aos motivos anteditos, resultando un gasto repercutible de 6.230.924,59 € fronte a 6.222.184,13 €.

3. DOS INGRESOS

O cadro de ingresos resulta como segue:

Táboa 4: Ingresos xerados no exercicio 2018

	Ingresos proxectados 2018	Ingresos emitidos 2018	Desviación	
			€	%
Sistemas integrados				
Ecoembes	255.914,18 €	280.025,88 €	+ 24.111,70 €	+9,42%
Ecovidrio	42.908,63 €	45.092,38 €	+ 2.183,75 €	+5,09%
Papel - Cartón	106.215,72 €	90.434,85 €	- 15.780,86 €	-14,86%
RAEE´s	18.181,82 €	16.995,88 €	- 1.185,94 €	-6,52%
Outros ingresos				
Chatarra, metais, etc.	12.000,00 €	20.586,63 €	+ 8.586,63 €	+71,56%
TOTAIS	435.220,34 €	453.135,63 €	+ 17.915,28 €	+4,12%

Nos ingresos conclúese un aumento respecto dos previstos, destacando as fraccións de envases lixeiros e vidro que recolleemos nos 50 concellos adheridos ao Convenio Marco.


Este aumento nas toneladas recollidas de bolsa amarela (117 Tn mais) está relacionada esencialmente coa diminución da porcentaxe de improprios (mellora na separación en orixe) e a lixeira baixada de toneladas de fracción resto recollidas.

No gráfico seguinte detállese a comparativa de toneladas recollidas de envases lixeiros en cada mes do ano 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 fronte ao 2018.




Imaxe 3: Toneladas recollidas da fracción envases lixeiros nos últimos sete anos

No gráfico seguinte detállese a evolución nos últimos sete anos das toneladas totais recollidas da fracción envases lixeiros, pódese apreciar un aumento xeral respecto ao ano anterior co paso dos anos, exceptuando o 2015.




Imaxe 4: Toneladas recollidas totais da fracción envases lixeiros nos últimos sete anos

Na fracción papel-cartón temos un descenso de toneladas recollidas, nun -14,86 %, en comparación co ano 2017, segundo se mostra no cadro seguinte, pódese apreciar que a evolución durante estes últimos sete anos foi á baixa (-12,07 %):




Imaxe 5: Toneladas totais recollidas da fracción papel-cartón nos últimos sete anos

No gráfico seguinte detállese a evolución nos últimos sete anos das toneladas totais recollidas da fracción papel-cartón por meses.




Imaxe 6: Toneladas recollidas da fracción papel-cartón nos últimos seis anos

Na fracción vidro temos un lixeiro ascenso, nun +5,06 %, nas toneladas de residuo recollido en comparación co ano 2017, segundo se mostra nos cadros seguintes:



Imaxe 7: Toneladas recollidas da fracción vidro nos últimos sete anos

No gráfico seguinte detállese o cambio na evolución nos últimos dous anos respecto dos anteriores.



Imaxe 8: Toneladas recollidas da fracción vidro nos últimos sete anos

Os ingresos globais reais ao final do ano 2018 foron superiores fronte o estimado, esta diferenza de ingresos ascendeu a +17.915,28 €.

4. RESUMO DOS GASTOS E INGRESOS

Exposto o anterior, incluíndo o apartado de ingresos, o gasto soportado (repercutible) fronte ao orzamento ten unha diminución (-0,19 %) debido aos motivos anteditos, resultando un gasto repercutible de 5.732.475,40 € fronte a 5.743.441,75 €.

Táboa 5: Reparto poboacional da liquidación do exercicio do 2018

Concello	Pob.	%	Recollida	Tratamento	Gasto Total	Ingresos	Custo	Orzamento
Bande	1.591	1,52%	54.886,08 €	39.991,40 €	94.877,49 €	-7.589,82 €	87.287,67 €	87.990,01 €
Entrimo	1.166	1,12%	40.224,50 €	29.308,60 €	69.533,09 €	-5.562,37 €	63.970,72 €	64.388,24 €
Lobeira	807	0,77%	27.839,77 €	20.284,77 €	48.124,53 €	-3.849,77 €	44.274,76 €	44.865,12 €
Lobios	1.732	1,66%	59.750,28 €	43.535,58 €	103.285,87 €	-8.262,46 €	95.023,41 €	97.615,61 €
Muíños	1.486	1,42%	51.263,81 €	37.352,12 €	88.615,93 €	-7.088,92 €	81.527,01 €	82.334,28 €
Baltar	968	0,93%	33.393,92 €	24.331,67 €	57.725,59 €	-4.617,82 €	53.107,77 €	52.043,53 €
Os Blancos	809	0,77%	27.908,76 €	20.335,04 €	48.243,80 €	-3.859,31 €	44.384,49 €	44.158,15 €
Calvos	779	0,75%	26.873,83 €	19.580,96 €	46.454,79 €	-3.716,20 €	42.738,59 €	44.484,44 €
Porqueira	830	0,79%	28.633,22 €	20.862,90 €	49.496,11 €	-3.959,49 €	45.536,62 €	46.115,90 €
Rairiz de Veiga	1.282	1,23%	44.226,25 €	32.224,38 €	76.450,62 €	-6.115,75 €	70.334,88 €	72.328,00 €
Sandiás	1.213	1,16%	41.845,90 €	30.489,99 €	72.335,89 €	-5.786,58 €	66.549,30 €	68.575,65 €
Sarreaus	1.189	1,14%	41.017,95 €	29.886,73 €	70.904,67 €	-5.672,09 €	65.232,58 €	66.345,99 €
Trasmiras	1.288	1,23%	44.433,24 €	32.375,19 €	76.808,43 €	-6.144,37 €	70.664,06 €	72.164,86 €
Xinzo de Limia	9.836	9,41%	339.320,89 €	247.237,87 €	586.558,76 €	-46.922,37 €	539.636,39 €	537.021,84 €
Avión	1.806	1,73%	62.303,12 €	45.395,65 €	107.698,77 €	-8.615,47 €	99.083,30 €	101.150,44 €
Beariz	973	0,93%	33.566,41 €	24.457,35 €	58.023,76 €	-4.641,67 €	53.382,09 €	53.403,08 €
Boborás	2.299	2,20%	79.310,57 €	57.787,71 €	137.098,27 €	-10.967,32 €	126.130,95 €	129.157,15 €
Irixo, O	1.477	1,41%	50.953,33 €	37.125,90 €	88.079,23 €	-7.045,99 €	81.033,24 €	82.606,19 €
San Amaro	1.091	1,04%	37.637,16 €	27.423,40 €	65.060,55 €	-5.204,59 €	59.855,97 €	60.472,74 €
Punxín	699	0,67%	24.114,00 €	17.570,08 €	41.684,08 €	-3.334,56 €	38.349,52 €	38.774,34 €
S. Crist. Cea	2.191	2,10%	75.584,80 €	55.073,02 €	130.657,81 €	-10.452,11 €	120.205,71 €	121.869,97 €
Carballiño	13.939	13,34%	480.865,58 €	350.370,96 €	831.236,54 €	-66.495,62 €	764.740,92 €	753.407,65 €
Amoeiro	2.265	2,17%	78.137,64 €	56.933,08 €	135.070,72 €	-10.805,12 €	124.265,60 €	121.326,15 €
Coles	3.049	2,92%	105.183,96 €	76.639,72 €	181.823,67 €	-14.545,17 €	167.278,50 €	167.333,29 €
Peroxa, A	1.871	1,79%	64.545,48 €	47.029,49 €	111.574,97 €	-8.925,55 €	102.649,42 €	103.434,48 €
Vilamarín	1.904	1,82%	65.683,91 €	47.858,98 €	113.542,89 €	-9.082,98 €	104.459,91 €	105.501,00 €
Castro de Miño	1.380	1,32%	47.607,04 €	34.687,71 €	82.294,74 €	-6.583,25 €	75.711,49 €	78.581,93 €
Toén	2.368	2,27%	81.690,92 €	59.522,09 €	141.213,01 €	-11.296,48 €	129.916,53 €	129.265,91 €
Ribadavia	5.028	4,81%	173.455,21 €	126.383,90 €	299.839,11 €	-23.985,94 €	275.853,17 €	277.076,08 €
Larouco	455	0,44%	15.696,52 €	11.436,89 €	27.133,41 €	-2.170,57 €	24.962,85 €	25.668,28 €
Petín	889	0,85%	30.668,59 €	22.345,92 €	53.014,51 €	-4.240,95 €	48.773,56 €	50.085,78 €
Vilamartín de Vald.	1.746	1,67%	60.233,25 €	43.887,49 €	104.120,74 €	-8.329,25 €	95.791,49 €	96.310,45 €
Carballeda de Vald.	1.574	1,51%	54.299,62 €	39.564,09 €	93.863,71 €	-7.508,72 €	86.354,99 €	88.261,92 €
Rubiá	1.448	1,39%	49.952,89 €	36.396,95 €	86.349,85 €	-6.907,64 €	79.442,20 €	79.506,42 €
A Rúa	4.359	4,17%	150.376,14 €	109.567,90 €	259.944,05 €	-20.794,49 €	239.149,56 €	242.489,15 €
Castro Caldelas	1.224	1,17%	42.225,37 €	30.766,49 €	72.991,86 €	-5.839,06 €	67.152,80 €	70.587,78 €
Chandrea de Queixa	466	0,45%	16.076,00 €	11.713,38 €	27.789,38 €	-2.223,04 €	25.566,34 €	26.864,69 €
Manzaneda	890	0,85%	30.703,09 €	22.371,06 €	53.074,15 €	-4.245,72 €	48.828,43 €	49.270,05 €
Montederramo	722	0,69%	24.907,45 €	18.148,21 €	43.055,66 €	-3.444,28 €	39.611,37 €	41.330,29 €
Pobra de Trives, A	2.118	2,03%	73.066,45 €	53.238,09 €	126.304,54 €	-10.103,86 €	116.200,68 €	116.921,21 €
San Xoán de Río	549	0,53%	18.939,32 €	13.799,67 €	32.739,00 €	-2.618,99 €	30.120,01 €	30.508,28 €
Teixeira, A	332	0,32%	11.453,29 €	8.345,16 €	19.798,45 €	-1.583,80 €	18.214,65 €	18.435,48 €
Padrenda	1.759	1,68%	60.681,72 €	44.214,26 €	104.895,98 €	-8.391,26 €	96.504,72 €	99.954,04 €
Pereiro de Aguiar, O	6.254	5,99%	215.749,58 €	157.200,66 €	372.950,23 €	-29.834,54 €	343.115,70 €	338.690,84 €
San Cibrao das Viñas	5.249	5,02%	181.079,23 €	131.938,96 €	313.018,19 €	-25.040,21 €	287.977,98 €	281.916,07 €
A Bola	1.199	1,15%	41.362,93 €	30.138,09 €	71.501,01 €	-5.719,80 €	65.781,22 €	68.031,83 €
Vilariño de Conso	535	0,51%	18.456,35 €	13.447,77 €	31.904,12 €	-2.552,20 €	29.351,92 €	30.345,13 €
A Gudiña	1.308	1,25%	45.123,19 €	32.877,91 €	78.001,10 €	-6.239,78 €	71.761,33 €	73.959,46 €
Riós*	261	0,25%	9.015,44 €	6.568,88 €	15.584,32 €	-1.246,68 €	14.337,63 €	
Viana do Bolo	2.929	2,80%	101.044,21 €	73.623,40 €	174.667,61 €	-13.972,71 €	160.694,90 €	161.188,12 €
Veiga, A	904	0,87%	31.186,06 €	22.722,96 €	53.909,02 €	-4.312,51 €	49.596,51 €	49.324,44 €
51	104.486	100,00%	3.604.554,22 €	2.626.370,37 €	6.230.924,59 €	-498.449,19 €	5.732.475,40 €	5.743.441,75 €

*Habitantes equivalentes dos dous meses do concello de Riós fronte a todo o ano

De seguido detállese a desviación resultante do gasto previsto fronte o soportado a repercutido.

CONCEPTO	ESTRUTURA DE COSTOS 2018		ESTRUTURA DE COSTOS 2018		ESTRUTURA DE COSTOS 2018		ESTRUTURA DE COSTOS 2018	
	GASTO SOPORTADO	%(parcial)	GASTO ORZAMENTADO	%(parcial)	GASTO ORZAMENTADO	%(parcial)	DESVIACIÓN	%(parcial)
	€		€		€		€	
RECOLLIDA								
Contenerización								
Amortización	28.091,26 €	(15,03%)	28.056,12 €	(15,46%)	35,14 €	(0,13%)		
Maq. mto. + lava c.	32.661,50 €	(17,48%)	40.107,39 €	(22,10%)	-7.445,89 €	(-18,56%)		
M. O. mto. + lava c.	111.005,41 €	(59,40%)	99.436,58 €	(54,79%)	11.568,83 €	(11,63%)		
Mat. rep.+mto. + lavado	15.129,59 €	(8,10%)	13.889,62 €	(7,65%)	1.239,97 €	(8,93%)		
Total Contenerización	186.887,75 €	(5,18%)	181.489,71 €	(5,03%)	5.398,04 €	(2,97%)		
Recollida estrícta								
Maquinaria								
Combustible	442.918,89 €	(42,55%)	406.684,11 €	(37,18%)	36.234,78 €	(8,91%)		
Neumáticos	49.397,76 €	(4,75%)	51.488,27 €	(4,71%)	-2.090,51 €	(-4,06%)		
Mantenimento	52.680,45 €	(5,06%)	66.116,42 €	(6,04%)	-13.435,97 €	(-20,32%)		
Reparacións	261.600,82 €	(25,13%)	322.930,85 €	(29,52%)	-61.330,03 €	(-18,99%)		
Mo. Sist Pesaxe	0,00 €	(0,00%)	0,00 €	(0,00%)	0,00 €	#DIV/0!		
Amortización	207.488,25 €	(19,93%)	217.232,97 €	(19,86%)	-9.744,72 €	(-4,49%)		
Seguros	26.772,60 €	(2,57%)	29.347,00 €	(2,68%)	-2.574,40 €	(-8,77%)		
Suma	1.040.858,77 €	(30,46%)	1.083.794,62 €	(31,94%)	-52.940,85 €	(-4,84%)		
Man de obra								
Custo empresa	2.376.807,70 €		2.331.237,70 €		45.570,00 €			
Suma	2.376.807,70 €	(69,54%)	2.331.237,70 €	(68,06%)	45.570,00 €	(1,95%)		
Total Recollida Estrícta	3.417.666,47 €	(94,82%)	3.425.037,32 €	(94,97%)	-7.370,85 €	(-0,22%)		
TRATAMIENTO (e transferencia)								
Total RECOLLIDA								
Sogana	2.563.977,90 €	(97,62%)	2.570.657,10 €	(98,28%)	-6.679,20 €	(-0,26%)		
Voluntarios	62.392,47 €	(2,38%)	45.000,00 €	(1,72%)	17.392,47 €	(38,65%)		
Total TRATAMIENTO	2.626.370,37 €	(68,82%)	2.615.657,10 €	(76,25%)	10.713,27 €	(0,41%)		
T Gastos	6.230.924,59 €		6.222.184,13 €		8.740,46 €			
T Ingresos	488.449,19 €		478.742,38 €		9.706,81 €			
T Custos	5.732.475,40 €		5.743.441,75 €		-10.966,35 €			

Imaxe 9: Comparativa do gasto soportado fronte ao orzamentado no exercicio 2018

5. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

5.1.Efecto do descenso de poboación.

Para poder comparar os datos de custo previstos por concellos para 2018 na proposta de previsión realizada a principios de ano, cos datos desta proposta de liquidación final por concellos do 2017, hai que actualizar tamén as porcentaxes de reparto que son función do criterio poboacional, e isto significa unha baixa do número de habitantes entre o Padrón Oficial de 2018 co actual (2019) de 1.388 habitantes, co que se conclúe unha desviación do -1,31 %.

Táboa 6: Comparativa de gasto cos repartos poboacionais do Padrón 2018 e 2019

Concello	Liquidación	Reparto: Criterio Poboacional 2018				Reparto: Criterio Poboacional 2019			
		Poboación	Orzamentado	VARIACION		Poboación	Orzamentado	VARIACION	
				€	%			€	%
Bande	87.287,67 €	1.618	87.767,29 €	- 479,63 €	-0,55%	1.591	87.454,93 €	- 167,26 €	-0,19 %
Entrimo	63.970,72 €	1.184	64.225,26 €	- 254,54 €	-0,40%	1.166	64.093,31 €	- 122,58 €	-0,19 %
Lobeira	44.274,76 €	825	44.751,56 €	- 476,79 €	-1,07%	807	44.359,60 €	- 84,84 €	-0,19 %
Lobios	95.023,41 €	1.795	97.368,54 €	- 2.345,13 €	-2,41%	1.732	95.205,49 €	- 182,09 €	-0,19 %
Muíños	81.527,01 €	1.514	82.125,88 €	- 598,87 €	-0,73%	1.486	81.683,23 €	- 156,22 €	-0,19 %
Baltar	53.107,77 €	957	51.911,80 €	+ 1.195,97 €	2,30%	968	53.209,54 €	- 101,77 €	-0,19 %
Os Blancos	44.384,49 €	812	44.046,38 €	+ 338,11 €	0,77%	809	44.469,54 €	- 85,05 €	-0,19 %
Calvos	42.738,59 €	818	44.371,85 €	- 1.633,26 €	-3,68%	779	42.820,48 €	- 81,90 €	-0,19 %
Porqueira	45.536,62 €	848	45.999,17 €	- 462,55 €	-1,01%	830	45.623,88 €	- 87,26 €	-0,19 %
Rairiz de Veiga	70.334,88 €	1.330	72.144,93 €	- 1.810,05 €	-2,51%	1.282	70.469,65 €	- 134,78 €	-0,19 %
Sandiás	66.549,30 €	1.261	68.402,07 €	- 1.852,77 €	-2,71%	1.213	66.676,83 €	- 127,52 €	-0,19 %
Sarreaus	65.232,58 €	1.220	66.178,06 €	- 945,48 €	-1,43%	1.189	65.357,58 €	- 125,00 €	-0,19 %
Trasmiras	70.664,06 €	1.327	71.982,20 €	- 1.318,14 €	-1,83%	1.288	70.799,47 €	- 135,41 €	-0,19 %
Xinzo de Limia	539.636,39 €	9.875	535.662,56 €	+ 3.973,83 €	0,74%	9.836	540.670,45 €	- 1.034,06 €	-0,19 %
Avión	99.083,30 €	1.860	100.894,42 €	- 1.811,12 €	-1,80%	1.806	99.273,16 €	- 189,87 €	-0,19 %
Beariz	53.382,09 €	982	53.267,91 €	+ 114,18 €	0,21%	973	53.484,38 €	- 102,29 €	-0,19 %
Boborás	126.130,95 €	2.375	128.830,24 €	- 2.699,28 €	-2,10%	2.299	126.372,65 €	- 241,69 €	-0,19 %
Irixo, O	81.033,24 €	1.519	82.397,11 €	- 1.363,87 €	-1,66%	1.477	81.188,52 €	- 155,28 €	-0,19 %
San Amaro	59.855,97 €	1.112	60.319,67 €	- 463,70 €	-0,77%	1.091	59.970,67 €	- 114,70 €	-0,19 %
Punxín	38.349,52 €	713	38.676,19 €	- 326,68 €	-0,84%	699	38.423,00 €	- 73,49 €	-0,19 %
S. Crist. Cea	120.205,71 €	2.241	121.561,50 €	- 1.355,79 €	-1,12%	2.191	120.436,05 €	- 230,34 €	-0,19 %
Carballiño	764.740,92 €	13.854	751.500,67 €	+ 13.240,25 €	1,76%	13.939	766.206,33 €	- 1.465,41 €	-0,19 %
Amoeiro	124.265,60 €	2.231	121.019,05 €	+ 3.246,54 €	2,68%	2.265	124.503,72 €	- 238,12 €	-0,19 %
Coles	167.278,50 €	3.077	166.909,74 €	+ 368,76 €	0,22%	3.049	167.599,05 €	- 320,54 €	-0,19 %
Peroxa, A	102.649,42 €	1.902	103.172,68 €	- 523,26 €	-0,51%	1.871	102.846,12 €	- 196,70 €	-0,19 %
Vilamarín	104.459,91 €	1.940	105.233,96 €	- 774,05 €	-0,74%	1.904	104.660,08 €	- 200,17 €	-0,19 %
Castrelo de Miño	75.711,49 €	1.445	78.383,03 €	- 2.671,54 €	-3,41%	1.380	75.856,57 €	- 145,08 €	-0,19 %
Toén	129.916,53 €	2.377	128.938,72 €	+ 977,80 €	0,76%	2.368	130.165,48 €	- 248,95 €	-0,19 %
Ribadavia	275.853,17 €	5.095	276.374,76 €	- 521,59 €	-0,19%	5.028	276.381,77 €	- 528,59 €	-0,19 %
Larouco	24.962,85 €	472	25.603,31 €	- 640,47 €	-2,50%	455	25.010,68 €	- 47,83 €	-0,19 %
Petín	48.773,56 €	921	49.959,01 €	- 1.185,45 €	-2,37%	889	48.867,02 €	- 93,46 €	-0,19 %
Vilamartín de Vald.	95.791,49 €	1.771	96.066,67 €	- 275,18 €	-0,29%	1.746	95.975,05 €	- 183,56 €	-0,19 %
Carballeda de Vald.	86.354,99 €	1.623	88.038,51 €	- 1.683,52 €	-1,91%	1.574	86.520,47 €	- 165,48 €	-0,19 %
Rubiá	79.442,20 €	1.462	79.305,18 €	+ 137,02 €	0,17%	1.448	79.594,43 €	- 152,23 €	-0,19 %
A Rúa	239.149,56 €	4.459	241.875,38 €	- 2.725,82 €	-1,13%	4.359	239.607,82 €	- 458,26 €	-0,19 %
Castro Caldelas	67.152,80 €	1.298	70.409,11 €	- 3.256,31 €	-4,62%	1.224	67.281,48 €	- 128,68 €	-0,19 %
Chandrexa de Queixa	25.566,34 €	494	26.796,69 €	- 1.230,35 €	-4,59%	466	25.615,33 €	- 48,99 €	-0,19 %
Manzaneda	48.828,43 €	906	49.145,34 €	- 316,92 €	-0,64%	890	48.921,99 €	- 93,57 €	-0,19 %
Montederramo	39.611,37 €	760	41.225,68 €	- 1.614,30 €	-3,92%	722	39.687,28 €	- 75,90 €	-0,19 %
Pobra de Trives, A	116.200,68 €	2.150	116.625,27 €	- 424,59 €	-0,36%	2.118	116.423,35 €	- 222,67 €	-0,19 %
San Xoán de Río	30.120,01 €	561	30.431,06 €	- 311,05 €	-1,02%	549	30.177,72 €	- 57,72 €	-0,19 %
Teixeira, A	18.214,65 €	339	18.388,82 €	- 174,17 €	-0,95%	332	18.249,55 €	- 34,90 €	-0,19 %
Padrenda	96.504,72 €	1.838	99.701,04 €	- 3.196,32 €	-3,21%	1.759	96.689,64 €	- 184,92 €	-0,19 %
Pereiro de Aguiar, O	343.115,70 €	6.228	337.833,56 €	+ 5.282,14 €	1,56%	6.254	343.773,18 €	- 657,48 €	-0,19 %
San Cibrao das Viñas	287.977,98 €	5.184	281.202,50 €	+ 6.775,48 €	2,41%	5.249	288.529,81 €	- 551,83 €	-0,19 %
A Bola	65.781,22 €	1.251	67.859,63 €	- 2.078,42 €	-3,06%	1.199	65.907,27 €	- 126,05 €	-0,19 %
Vilariño de Conso	29.351,92 €	558	30.268,32 €	- 916,41 €	-3,03%	535	29.408,16 €	- 56,24 €	-0,19 %
A Gudiña	71.761,33 €	1.360	73.772,26 €	- 2.010,94 €	-2,73%	1.308	71.898,84 €	- 137,51 €	-0,19 %
Riós*	14.337,63 €	268	14.537,47 €	- 199,84 €	-1,37%	261	14.346,79 €	- 9,15 €	-0,19 %
